

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

RESOLUCIÓN do 25 de febreiro de 2018, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se dá publicidade ao acordo entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as organizacións sindicais ANPE, CC.OO., CSI.F e FETE-UGT polo que se modifica a disposición adicional primeira do texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995 polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, que imparte ensinanzas distintas das universitarias (publicado pola Resolución do 28 de xuño de 2017, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, Diario Oficial de Galicia número 131, do 11 de xullo).

O 19 de febreiro de 2018 a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as organizacións sindicais ANPE, CC.OO., CSI.F e FETE-UGT acordaron unha modificación da disposición adicional primeira do Acordo do 20 de xuño de 1995 sobre o acceso á función pública docente en calidade de profesor interino e substituto (texto refundido polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que imparte ensinanzas distintas das universitarias, publicado pola Resolución do 28 de xuño de 2017, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, *Diario Oficial de Galicia* núm. 131, do 11 de xullo).

Con base no disposto polo artigo 38 do texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, procede ordenar a publicación da citada modificación no *Diario Oficial de Galicia*.

Por todo o dito,

ACORDO:

Ordenar a publicación no *Diario Oficial de Galicia* do acordo entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as organizacións sindicais ANPE, CC.OO., CSI.F e FETE-UGT polo que se modifica a disposición adicional primeira do texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995, polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente da Consellería de Cultura, Educación



e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, que imparte ensinanzas distintas das universitarias, como anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2018

José Manuel Pinal Rodríguez
Director xeral de Centros e Recursos Humanos

ANEXO

Modificación da disposición adicional primeira do Acordo do 20 de xuño de 1995, entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as organizacións sindicais ANPE, CC.OO., CSI-CSIF e FESP-UGT, sobre o acceso á función pública docente en calidade de profesor interino e substituto.

Na oferta de emprego do ano 2018 convocaranse por primeira vez procedementos selectivos para o ingreso na especialidade de «Organización e xestión comercial» do corpo de profesores de ensino secundario. Isto obriga a elaborar unha lista desta especialidade coa finalidade de cubrir as interinidades e substitucións que procedan. Coa finalidade de preservar os dereitos das persoas que viñan prestando servizos como persoal interino ou substituto nesta especialidade, acórdase dar unha nova redacción á disposición adicional primeira do Acordo do 20 de xuño de 1995, que queda redactada do seguinte xeito:

«1. Mentres non se realice concurso-oposición na especialidade de organización e xestión comercial, as interinidades e substitucións das especialidades de Administración de Empresas e Organización e Xestión Comercial cubriranse cunha única lista.

Cando se convoque o concurso-oposición nesta especialidade, configurarase a lista dela entre as persoas que se presenten ao concurso-oposición, tendo en conta que terán prioridade as pertencentes á lista de Administración de Empresas incluídas no punto 1 do número 2 do presente acordo, sempre que se presenten por calquera especialidade.

2. Mentres non se realice concurso-oposición na especialidade de procesos de xestión administrativa, as interinidades e substitucións das especialidades de procesos de xestión administrativa e procesos comerciais cubriranse cunha única lista.

Cando se convoque o concurso-oposición nesta especialidade, configurarase a lista dela entre as persoas que se presenten ao concurso-oposición, tendo en conta que terán



prioridade as pertencentes á lista de Procesos Comerciais incluídas no punto 1 do número 2 do presente acordo, sempre que se presenten por calquera especialidade.

3. Mentres non se realice concurso-oposición na especialidade de operacións de proceso, as interinidades e substitucións das especialidades de laboratorio e operacións de proceso cubriranse cunha única lista.

Cando se convoque o concurso-oposición nesta especialidade, configurarase a lista dela entre as persoas que se presenten ao concurso oposición, tendo en conta que terán prioridade as pertencentes á lista de laboratorio incluídas no punto 1 do número 2 do presente acordo, sempre que se presenten por calquera especialidade.

4. O establecido na epígrafe 2 do punto segundo do presente acordo será de aplicación ás especialidades en que se convoque procedemento selectivo de ingreso a partir do ano 2017, incluído este».

